

Orquestras ou orquestríñas da Fonsagrada

Por Daniel Carballo Penelas

É ben coñecida a gran cantidade e calidade dos históricos gaiteiros solistas da Fonsagrada. Pero pouco sabemos doutros tipos de música. Para coñecela debemos retroceder no tempo, a cando a poboación deste concello rondaba os 15.000 habitantes. Daquela boa parte destas persoas estaba en idade de mocear e, polo tanto, existía unha gran demanda de músicos para atender as numerosas festas así como os bailes de domingo que se celebraban en todas as parroquias.

Naquela primeira metade do século XX soamente a vila da Fonsagrada podía permitirse contratar a bandas militares ou municipais así como outros conxuntos musicais ou orquestras para amenizar as súas festas. De feito, segundo nos teñen comentado varias persoas, incluso se chegou a pensar en crear unha escola de música e formar a súa propia banda municipal na época da República. Pero lamentablemente esta boa idea quedou en nada despois da guerra civil de 1936.

Tendo en conta esta realidade, resúltanos totalmente lóxico que algúns destes músicos populares pensaran en formar grupos, conxuntos ou orquestríñas á moda da época. Pero hai que ter moi presente as grandes limitacións que tiñan tanto para o acceso a instrumentos de calidade como para poder acceder a unha formación musical. Pois, aínda así, a pesar de todas estas dificultades, vemos como na Fonsagrada foron quen de crear pequenas orquestras ou orquestríñas grazas a historias persoais cheas de vocación musical, esforzo e perseveranza.

1. Os de Maderne.



A primeira destas formacións naceu na parroquia de Maderne xusto antes da guerra civil. Tratábase no seu inicio dun cuarteto ao xeito clásico de combinar dous instrumentos de vento-madeira (gaita e clarinete) cunha percusión ao estilo das bandas (caixa redobrente e bombo con pratos). O seu líder era o clarinetista Aquilino Fernández, fillo e irmán de gaiteiros da casa de Pasarín, na aldea de Silvachá, coñecido popularmente como *O Paxaro de Silvachá*. José Antonio Díaz, *Josantonio de Silvachá*, era o gaiteiro, Juan López, *Pallón*, tocaba o bombo con pratos e *Alejandro de Curuxo* a caixa redobrente. Este último, morto na guerra, foi substituído por Manuel Gutiérrez, *O Rubio de Xan (ou rubio de Maderne ou do Conde)*, quen chegaría a ser tamén un dos grandes gaiteiros da Fonsagrada.

O feito realmente salientable destes músicos foi que dedicaron un gran esforzo formando a outros mozos da parroquia con aptitudes musicais e procurando facerse con instrumentos de vento-metal ata dar completado unha orquestra á moda da época.

Na década dos anos 50 esta formación chegou a estar composta por dous clarinetes a maiores do propio Aquilino (alternaban José María de Silvachá, José Rodríguez, Sergio Méndez e Rufino Fernández), saxofón (O Rubio de Xan), fliscorno (José de Firme ou Aladino de Soto), tuba (Emilio Fernández), e un conxunto de caixa con bombo de pedal tamén chamado daquela *jaz* (Avelino Fernández, fillo de Aquilino, quen sería substituído en 1955 por Dositeo López Fernández, da casa da Fonte dos Bois na Proba de Burón).

Esta pequena orquestra aínda que levase rotulado o bombo co nome de *Orquesta Alegría* foi coñecida por toda a comarca fonsagradina como Os de Maderne ou Os Madernes.

A morte de Aquilino Fernández en 1958 xunto co servizo militar e a emigración de varios destes mozos supuxo o fin desta mítica orquestra.

2. Os Gaiteriños da Proba de Burón.



Outro conxunto mítico da Fonsagrada na década dos anos 40 foron os coñecidos como *Gaiteiriños da Puebla*. Este conxunto tivo o seu inicio polo ano 1939, xusto despois de rematar a guerra civil, neste caso como cuarteto de dúas gaitas, caixa e bombo. Jaime López González (*Jaime do Cabo*) e Hermenegildo López Méndez (*Hermenegildo do Vello*) formaban un dúo de gaiteiros acompañados por Benjamín Fernández (*Benjamín de Gabriel*) á caixa e José Pérez (*José do Val de Vilares*) ao bombo. Este último foi substituído por Víctor Fernández (*Vítor de Toxal*).

En 1941 desfíxose este primeiro cuarteto ao marcharen Hermenegildo e Benjamín. Foi entón cando Jaime do Cabo toma a iniciativa de refundar o conxunto coa intención de transformalo nun sexteto. A partir dese ano Os *Gaiteiriños* pasaron a estar formados, a maiores do propio Jaime do Cabo como director e clarinetista, polos irmáns Justo e Manuel González Bolaño, da casa de Rego, en Pacios de Mourisco, como dúo de gaiteiros, os irmáns José María e Indalecio Castelao Méndez, da casa de Llancela, como segundo clarinete e caixa respectivamente, e Antonio Fernández Enríquez, da casa de Paradiñas, como bombeiro.

Este conxunto na década dos anos 40 foi ben coñecido na vila da Fonsagrada por tocar todos os domingos nos salóns de baile de don Ramiro e de Paredes. A finais dos anos 40 os mozos o formaban foron marchando gradualmente ao servizo militar, feito que levou á disolución do grupo.

3. Orquesta *Los cuatro hermanos*.



Cando se desfizeron os *Gaiteiriños da Puebla*, dous dos seus membros, os irmáns José María e Indalecio de Llancela, uníronse aos irmáns Ezequiel e Eladio Rancaño Enríquez, coñecidos como os xemelgos de Arquide, para dar nacemento a unha nova formación. Este novo conxunto chamárono *Orquesta los cuatro hermanos*.

Os xemelgos de Arquide, aínda que fosen uns nenos, xa gozaban de moita sona na Fonsagrada como dúo de frautistas dende os 9 anos de idade, cando tocaran por primeira vez no salón de Don Ramiro. E certamente eran moi demandados para tocar nos bailes de domingo e nas pequenas festas do arredor como dúo de frautas. Por outra banda, José María de Llancela tocaba o clarinete e o seu irmán Indalecio cumpría coas necesidades do conxunto axudándose dun pedal para tocar o bombo ao mesmo tempo que tocaba a caixa.

Esta primeira formación foi evolucionando co tempo xa que os xemelgos remataron tocando máis instrumentos de vento como o requinto ou o saxofón. Tamén a batería foi completándose con pratos de diferentes tamaños e soportes para poder tocar sentado tal e como vían nas revistas da época. Esta orquestra amenizou as festas tanto de parroquias da Fonsagrada como tamén de moitas do occidente asturiano a principios dos anos 50.

A súa disolución foi no ano 1955 tamén a causa de marcharen ao servizo militar os seus integrantes.

Toda esta información podédela atopar ampliada nos libros de Editorial Canela adicados a gaiteiros da comarca como *Siderio de Vilarmide* ou *Manuel do Juano*.